Galicia-Hoxe.com

CONTRASTES

A cuestión agraria, a debate no Consello da Cultura Galega

01.07.2009

O curso que leva por título "Entre a revolución e a reforma: Cuestión Agraria e asociacionismo rural-1874-1939", organizado polas Fundacións Luís Tilve e Pablo Iglesias e mais pola Universidade de Santiago de Compostela, desenvolverase entre os días 1 e 4 deste mes de xullo, en horario de mañá e de tarde, no salón de actos do Consello da Cultura Galega. Entre os relatores figuran Ramón Villares, Enrique Bernad Royo, Samuel Garrido Romero, Miguel Cabo Villaverde, María Xosé Rodríguez Galdo ou Xaime Barreiro Xil.

A inauguración terá lugar hoxe ás 9.15 horas e, deseguido, Lourenzo Fernández Prieto presentará o relatorio "Tendencias recentes en historia rural". O curso está patrocinado por UGT-Galicia, Unións Agrarias, a Deputación da Coruña, polo Concello de Santiago de Compostela e mais polas Consellerías de Educación e de Cultura e nel colaboran o Consello da Cultura Galega e o Museo do Pobo Galego.